



ANUNCIO

Elabórase a estrutura de costes do Servizo de limpeza viaria e recollida de residuos do Concello de Ferrol (A Coruña) polo que, ao abeiro do previsto no artigo 9, punto 7, apartado c) do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, sométese a trámite de información pública por un prazo de 20 días durante os cales os/as interesados/as no presente expediente poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

Por outra banda e, ao abeiro do disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o expediente de estrutura de costes ponse a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica do Concello de Ferrol (WWW.ferrol.gal).

PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE COSTES DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DE FERROL

--O cálculo do período de recuperación do investimento, ao abeiro do previsto no Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, dá como resultado un período de 9 anos.

--A proposta de estrutura de costes do Servizo de recollida de residuos e limpeza viaria do Concello de Ferrol foi elaborado baixo criterios técnicos, desde a proximidade á realidade do Servizo e contrastada coas estruturas de costes presentadas polos cinco operadores económicos que deron resposta ao requirimento do Concello. Por isto, propónse unha estrutura baseada no estudo económico realizado polo Concello, que é o que máis se axusta a idiosincrasia real do Servizo.

Polo tanto, a estrutura estímase axeitada para tomar como referencia no establecemento do réxime de revisión de prezos que figurará prevista nos pregos que rexirán o futuro contrato do Servizo de recollida de residuos e limpeza viaria do Concello de Ferrol.

Estructura de costes simplificada	
Concepto	% (s/Total)
Persoal	58,42%
Costes de mantemento de vehículos, maquinaria e combustible	17,78%
NON REVISABLE	23,80%

O que se fai público para xeral coñecemento,
Ferrol, 5 de novembro de 2021
O ALCALDE,

Angel Mato Escalona

